

“Armadas de fuso e roca”

Memoria da Revolta das Mulleres do Miño

Rafael Fernández Lorenzo

Co gallo da recente celebración do Día Internacional da Muller, quero aproveitar para traer ás páxinas de FARO DA CULTURA un fito histórico destacábel que, ao meu parecer e agás dalgunha mención illada, non tivo aínda a transcendencia que merece. Estoume a referir á Revolta do Minho, unha insurrección popular capitaneada por mulleres que tivo lugar, nas terras irmás portuguesas, na primavera de 1846 e que foi o detonante da posterior *guerra civil da Patuleia*. O conflito iniciouse en Póvoa de Lanhoso (distrito de Braga) o 21 de marzo de 1846 logo da prohibición expresa do enterramento da defunta Custódia Teresa no interior da igrexa da freguesía de Fontacarda. Este feito, sumado ao descontento popular coas deis de recrutamento e cos cambios fiscais impostos polo goberno, provocou un enfrontamento violento entre o pobo e o goberno dos Cabrais.

A partir de 1842 foi instaurado en Portugal un réxime despótico liderado por António Costa Cabral co apoio do seu irmán Jose Bernardo da Silva Cabral, que sería popularmente coñecido como *o goberno dos Cabrais*.

Chegado á Presidencia do Consello de Ministros, António Bernardo da Costa Cabral –máis coñecido de forma habitual simplemente como Costa Cabral- levou a cabo, o 20 de abril de 1846, unha intervención na Cámara dos Deputados portuguesa laiándose dunha conspiración contra as institucións e a orde establecida. Falaba o Primeiro Ministro, entón, arredor dunha revolta popular, capitaneada por mulleres, que veu resaltar apoiada por todos os que pretendían o derrube dos Cabrais e a fin do réxime liberal. A sublevación foi estendéndose a todo o norte de Portugal e gañando paulatinamente un carácter político. Os tumultos multiplicáronse rapidamente, tomando forma dunha serie sublevación que prendía nunha gran parte do territorio. O país estaba, pois, perante un movemento insurreccional feminino sen precedentes.

A instigadora dos motíns iniciais foi unha muller chamada María, natural da freguesía de Fontacarda, e por iso sería coñecida como María da Fonte. Esta é a Maria da Fonte que Camilo Castelo Branco bosqueja nun romance en 1885 e que foi cantar, da súa parte, José Afonso en “As sete mulheres do Minho”. Porén, hai documentadas cando menos outras seis mulleres máis que responden a este perfil.

A primeira delas vén ser Ana Maria Esteves, que para moitos historiadores é a muller que deu o epíteto á revolución pola parte activa que tivo neste exército feminino. A ela se atribúe o feito de ter arrombado a golpes de machado a porta da cadea de Lanhoso. María Angelina, natural de Simões, parroquia de Fontacarda vén ser, da súa parte, aquela que reúne maior consenso por parte das historiadoras canto á posibilidade de ser a verdadeira María da Fonte. Maria Luísa Balaio, considerada por moitos como a madriña do movemento contestatario, xa era coñecida como Maria da Fonte moito antes de que estourase a insurrección. Joaquina Carneiro, do lugar de Valbom, freguesía de Fontacarda, foi considerad como unha das líderes

da revolta e detivérona pola súa participación activa nos tumultos que espoldrexaron a rebelión.

Outras mulleres á que se lle atribúe a identidade de María da Fonte son Josefa Caetana, e Maria da Mota, que xunto con María Angelina, Ana María Esteves, María Luisa Balaio, María da Fonte do Vido e Joaquina Carneiro, foron as lugartenentes dun levantamento que pretendía loitar a prol da xustiza social e contra a nova regulamentación dos servizos de saúde que prohibía os enterros nas igrexas. A nova lei obrigaba a adquirir unha licenza sanitaria, a pagar un imposto (taxa de covato) polo rexistro do óbito e depósito dos restos mortais dos falecidos. A pobreza, agravada pola crise económica, a praga da pataca e mais a seca que tiña asolado o país, as novas exixencias fiscais, as leis de recrutamento militar e as taxas abusivas, chamadas popularmente papeletas da ladroeira, provocaron un gran descontento na poboación que ía medrando día tras días e que acadou o seu punto álxido cando as autoridades decidiron impor as novas regras de enterramento.

As sete mulleres do Miño, convertéronse, deste xeito, no símbolo da liberdade e da xustiza social na Rexión Norte de Portugal. Por cada unha delas que sucumbía outras cen renacían.